

Que sabes do Sol?

Sabes que é unha estrela coma as que vemos na noite?

Que o raio verde do que fala Jules Verne na novela *Le Rayon vert* pódese ver dende a cidade da Coruña?

Que o Sol ten explosións parecidas ás dun volcán que poden extenderse miles de quilómetros?

Que a famosa frase de Carl Sagan "somos po de estrelas" é tan poética como científica?

Que as auroras boreais e austrais prodúcense pola materia que emite o Sol?

Que no hemisferio Norte temos máis días de verán que de inverno?

Que cando a Terra na súa órbita pasa perto do Sol en Galicia fai máis frío?

Queremos colaborar co voso barrio, participando no día da festa cunha actividade diurna na que montaremos unha exposición ao aire libre que dará resposta a preguntas como as anteriores e un telescopio co que veciños e participantes na festa poderán observar o Sol de xeito seguro.

Este proxecto de divulgación astronómica fomenta o achegamento da poboación ao coñecemento científico, ao equipamento óptico de observación solar, a experiencias de aprendizaxe interxeracional, ao contacto coa natureza e á comprensión do mundo que nos rodea (da nosa herdanza cultural, da nosa construción lingüística, da nosa evolución como especie, da existencia da vida na Terra...).

Asociemos ciencia con tempos de ocio, con espazo de convivencia e irmandade, con entretemento, con proximidade.



Observación diúrna



Exposición exterior